

Falsas libertades, mentiras públicas

Un dos teóricos da liberdade de mercado, Robert Nozick, considera como premisa base a liberdade do individuo, que debe estar por riba de calquera consideración. Para respectar esta liberdade individual o Estado debe intervenir o menos posible nas relacións entre os individuos. O ideal sería que non interviñese e que toda relación social ou económica se materializase pola decisión libre e respectuosa dos axentes implicados nela.

Dúas son as consecuencias fundamentais deste pensamento que queredría resaltar. A primeira ten relación co individuo na sociedade, «cada individuo pode facer o que queira mentres non quebrante a lei, e a lei ten que ser moi pouco restritiva para non coartar ningunha liberdade individual». Así, a liberdade se executará de forma soberana e digamos "afable" cos demais.

A segunda consecuencia é de tipo económico: presupón que «os participantes nun acordo económico teñen plena capacidade de decisión sempre que actúen libremente»; se chegan a un acordo, calquera pacto acadado será válido. O Estado nin pode, nin debe intervenir e só esta aí para garantir que tanto os que pactan como os demais respectasen ese acordo. O mercado será quen estableza os límites e as relacións de equivalencia nos intercambios.

Así pois, tanto a liberdade individual como a de mercado supoñen a minimización do Estado. A conclusión é clara: menos Estado e menos lexislación significa máis liberdade a nivel individual e máis oportunidades, nun mercado libre e desregulado, para quen saiba aproveitalas.

O pensamento de Nozick desenvólvese a finais dos anos setenta e esténdese na década dos oitenta. Reagan e Thatcher foron os seus grandes impulsores políticos. Isto, que parecía superado, volve impoñerse brutalmente da man do neoliberalismo.

O capitalismo neoliberal ou neocapitalismo susténtase sobre falacias, tal como podemos comprobar, desgraciada e fehacientemente, hoxe en día. Á parte de sufrilas, tamén é posible explicitalas.

Primeira falacia: A liberdade é individual. Non hai tal. A liberdade é social, gañámola en relación cos outros. Se teño que vivir só toda a miña vida, non hai liberdade posible. Dcir neste caso que podo facer o que quero, é unha inconsistencia sen sentido, pois se sempre vivín só, comportareime instintivamente. En cambio, se vivín en sociedade adoptarei esa liberdade como un ben aprendido socialmente e estarei limitado polos pactos que se teñan establecidos e poidan afectarme, e por aqueles que eu acade.

Se a liberdade é un ben social, debe ser regulado socialmente. Decidir ata onde se limita é o problema. O neoliberalismo pretende a liberdade individual, pero garantida pola sociedade, por ese Estado mínimo. A consecuencia real será a represión dos que non teñan unha posición de privilexio para que exerzan a súa liberdade individual os que si teñan esa posición. A defensa deste concepto de liberdade é puramente ideolóxica.

Segunda falacia: O Estado non debe intervir nos pactos libres entre os cidadáns. Non existen tales pactos libres. Só serían libres se se desen en igualdade de condicións, pero esta situación é imposible e absurda dentro dunha sociedade, por diferenzas económicas, de clase, de coñecementos, de intereses, de experiencias ou de expectativas. Así, o que ten fame ou sede pagará máis pola auga ou polo alimento que aquel que está farto e ten despesa. A necesidade, por exemplo, acaba coa igualdade e polo tanto coa liberdade. Non podemos aceptar o reduccionismo do argumentario de que o que non queira pagar os prezos de mercado pode deixarse morrer de fame (algo que desafortunadamente está a ocorrer). Outro exemplo son as situacións de privilexio, ningún traballo nin ningunha responsabilidade asumida xustifican unha xubilación de 88.000.000 de €, coma ocorreu recentemente. Pagaranse, pero faise por ideoloxía.

Terceira falacia: O mercado régúlese a si mesmo. Nunca o fixo. Na economía de mercado o trasfego de mercadorías estivo condicionado, non pola oferta e a demanda (termo eufemístico e politicamente correcto), senón pola capacidade de maximizar os beneficios. Nunha economía de mercado global esa capacidade está chegando a límites impensados, tanto na obtención de beneficios (a crise só a teñen os que a teñen, pero hai quen está a facer nestes momentos inxentes negocios) como na capacidade de espolio, do Estado e dos cidadáns, por parte do propio mercado (ou mellor dito, dos dirixentes dese mercado).

Estamos sufrindo o rexurdimento de teorías que parecían desbotadas. A minimización, ou anorexia do Estado, é un mala praxe política que supón para a inmensa maioría dos cidadáns executar unha práctica inxusta, frívola, dominadora e case escravista, ideolóxica, que serve só os intereses das castas dirixentes políticas ou económicas e ademais ten fundamentos profundamente falsos (merman a liberdade e as oportunidades da inmensa maioría) e inmorais (fundaméntanse no engano, na insolidariedade e na inxustiza).

Igual Nozick, como teórico, cría nas súas palabras, pero os que decidiron e deciden aplicalas só cren nos seus negocios, desorbitados en beneficios sufragados polo Estado.

COMENTARIO

Estamos ante una crítica filosófica escrita por José Domingo de Prada, profesor de filosofía en el centro IES Leiras Pulpeiro de Lugo, perteneciente al “ Grupo Doxa de Filosofía” de la misma ciudad, foro utilizado como medio divulgativo, creado por docentes pertenecientes al ámbito filosófico dentro de la educación.

En este texto el autor pretende hacer reflexionar al lector mediante la crítica constante a las falsas libertades del mundo contemporáneo tal y como menciona en el título del mismo, destacando a uno de los defensores del liberalismo: Robert Nozick, filósofo y profesor de la Universidad de Harvard, liberal cuya principal propuesta es el Estado mínimo como la forma de gobierno más justa. El autor respeta a este filósofo como teórico, discrepando en el ámbito práctico, que derivó hacia el neoliberalismo desarrollado por Reagan y Thatcher. Intenta demostrar de forma pragmática cómo los ideales se desvirtúan derivando hacia intereses particulares, olvidando la ideología de partida unificadora de criterios.

La justificación de Nozick viene dada a partir de dos premisas, una centrada en la relación del individuo como parte de la sociedad *“cada individuo puede hacer lo que quiera mientras no quebrante la ley, y la ley tiene que ser muy poco restrictiva para no coartar ninguna libertad individual”* y otra de tipo económico *“los participantes en un acuerdo económico tienen plena capacidad de decisión siempre que actúen libremente”*, argumentando para ello tres falacias: la libertad es social, no individual; no existen pactos libres entre los ciudadanos, debido a la falta de equidad de condiciones entre los diferentes sectores de la población y por último destacar el condicionante de la ley que regula el mercado, la oferta y la demanda frente a la autorregulación reiterada por Nozick.

En el texto se habla de la ley de la oferta y la demanda, idea que ya había sido desarrollada por Adam Smith en “La riqueza de las naciones”. Este pensamiento liberal provocó de alguna manera la crisis del 29. El neoliberalismo pretende reclamar y restaurar esta ideología, pero pervertida y tergiversada para beneficiar a una determinada élite. Nozick, por su parte, pretende volver a los orígenes de esta ideología, y es contra lo que el autor se posiciona, dictaminando las tres falacias.

Si la libertad fuera individual como Nozick pretende, el orden de la sociedad se rompería, a causa de un control del Estado mínimo. Cada individuo argumentaría que está en su derecho de hacer una cosa u otra, dada su situación de libertad. Sin embargo, si la libertad es social, nos vemos limitados para no invadir la libertad de otro individuo. Sin embargo, alguien con menos medios para imponer su derecho a que no le priven de su libertad, está en una situación de inferioridad.

En el momento en que un hombre tiene que venderse por un salario de 600 €, no goza de las mismas libertades que el propietario de la empresa, que gana cuarenta veces más. Esto, a su vez, provoca que el trabajador no tenga la misma capacidad adquisitiva que el gran empresario. Así, aunque los mismos bienes estén al alcance de todos, el proletario deberá privarse de productos que garantizaran esa falsa igualdad. Además, el mercado no varía en función de la oferta y la demanda, sino que oscila buscando el máximo beneficio para el gran empresario, minimizando las libertades y oportunidades de los que no son privilegiados.

Por lo tanto, aunque los preceptos de este sistema ideado por Nozick pudieran ser adecuados para la sociedad (todo desde un punto de vista subjetivo), en la práctica son erróneos. Estos principios son tergiversados hasta el punto de que a día de hoy toda actividad tanto política como económica está orientada al enriquecimiento de unos pocos, que gozan de todas las libertades expuestas por el filósofo y contra las que se posiciona el autor del texto.